



CIRCULAR INFORMATIVA

Prezadas familias:

Xa podedes solicitar a participación no **FONDO SOLIDARIO DE LIBROS DE TEXTO** (préstamo de libros da Xunta) e **AXUDAS PARA MATERIAL ESCOLAR** (vales de material) **para o alumnado da ESO**.

As solicitudes presentaranse preferiblemente por vía electrónica na sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>), accedendo ao **procedemento ED330B**, que enlazará coa **aplicación Fondolibros**. Unha vez que teñan cubertos todos os datos, poderán gardala e obter o número de solicitude. Posteriormente, disporán das seguintes formas de presentación:

- No centro: neste caso imprimirán a solicitude e o anexo II e presentaranos no centro (debidamente asinados), xunto coa documentación.
- Directamente na Sede Electrónica da Xunta de Galicia. Para a presentación electrónica de solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluíndo o sistema de usuario e Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

No caso de que a solicitude se tramite por vía electrónica empregando a aplicación Fondolibros, será necesaria a presentación dunha solicitude por cada fillo ou filla e, de ser o caso, tutelado ou tutelada, aínda que estean escolarizados no mesmo centro.

En caso de necesidade, poderanse presentar as solicitudes presencialmente nos centros docentes ou en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Atentamente,
O equipo directivo

A Guarda, 22 de maio de 2024